



# Infórmate a Fondo

NÚMERO **138** 2º TRIMESTRE 2015

Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa

[www.fondogalego.org](http://www.fondogalego.org)



## A OLLADA EXTERNA:

Entrevista con Najla Shami

**“O consumo responsable é a arma máis potente que temos fronte a Israel”**

14

## FONDO DE ARMARIO

8

**OS PROXECTOS EN TERREO:**  
Cooperación directa  
en Cabo Verde

10

A viaxe do gañador de  
'Imaxes con Fondo'

2

Misións técnicas a  
Nicaragua e Cabo Verde

4

Encontro Vacacións con  
Traballo 2006-2015

6

Promoción do  
cooperativismo con ASF

8

## ACTUALIDADE DO FONDO

## Felipe Carnotto retrata Nicaragua como gañador do certame 'Imaxes con Fondo'

O fotógrafo Felipe Carnotto pasou o mes de xuño en Nicaragua retratando **a vida no país e os proxectos alí apoiados** polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A viaxe formaba parte do premio da segunda edición de Imaxes con Fondo, certame que o fotoxornalista de orixe brasileira afincado en Vigo gañou o pasado ano.

Felipe Carnotto visitou distintas iniciativas de loita contra a pobreza cofinanciadas desde o ano 2003 en materia de turismo sostible, autoconstrución de vivendas, formación agropecuaria, abastecemento de auga ou empoderamento das mulleres. Nestes intres atópase en pleno proceso de edición do seu traballo, para preparar **unha exposición que logo xirará por municipios** de toda Galicia.

Alén dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento, o obxectivo de Felipe Carnotto recolleu actividades culturais, espazos naturais, xuntanzas con mocidade, etc. Un avance das imaxes tiradas fotoxornalista, que conta con distintos galardóns e ten publicado en xornais como Der Spiegel, Financial Times ou The Guardian, pode verse na bitácora [www.felipecarnotto.com/blog](http://www.felipecarnotto.com/blog).



O fotoxornalista Felipe Carnotto viviu de preto a realidade nicaraguana.



Nenos da comunidade de San Lucas xogan ao fútbol. FOTO: F. Carnotto.



El Huracán, unha das tendas céntricas de Somoto. FOTO: F. Carnotto



A familia de José Ramón vive do vertedoiro próximo á súa casa. FOTO: F. Carnotto.

## ACTUALIDADE DO FONDO

# Misións técnicas a Cabo Verde e Nicaragua

Coincidindo co remate da lexislatura, o Fondo Galego enviou senllas misións técnicas a Cabo Verde e Nicaragua, dous dos países prioritarios para a entidade. **Comprobar sobre o terreo os resultados dos proxectos** de cooperación era o obxectivo principal, alén de identificar posibles intervencións futuras e estudar novas parcerías.

### Xullo: Cabo Verde

O secretario do Fondo Galego viaxou a Cabo Verde entre o 30 de xuño e o 17 de xullo, onde visitou as illas de Santiago, São Vicente e Santo Antão. A primeira xuntanza foi coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos (ANMCV), socio tradicional no país lusófono, aínda que tamén houbo **encontros con varias cámaras municipais** coas que se traballa de xeito

directo. Daniel González Palau reuniuse asemade coa Plataforma das ONG, con representantes ministeriais, de institucións educativas e autoridades españolas en Cabo Verde.

Entre os proxectos visitados cómpre destacar os dous que nestes intres se executan cunha achega extraordinaria do **Concello de Vigo**. Un deles para dinamizar a agricultura no municipio de Santa Cruz, promovendo o **rego por goteo** para tirar rendemento das terras ao tempo que se aforra auga. O outro na Cámara Municipal de Ribeira Grande, apoiando á **cooperativa Sulada** para que as trinta artesás que a integran gañen autonomía, coa colaboración da Asociación para a Cooperación con Cabo Verde (ACCVE).

O secretario do Fondo Galego tamén foi convidado a participar no acto celebrado no Parlamento para conmemorar os 40 anos de independencia. Desde 2002, a entidade cofinanciou **no arquipélago africano máis de 30**



A técnica de proxectos do Fondo Galego supervisou as actuacións en materia de vivenda.

**proxectos** de cooperación en materia de xénero, educación, auga e saneamento, vivenda ou infraestruturas comunitarias.

### **Xuño: Nicaragua**

Pola súa banda, a técnica de proxectos do Fondo Galego estivo entre o 26 de maio e o 9 de xuño en Nicaragua para supervisar a cooperación realizada co Instituto de Promoción Humana-Somoto.

Ata o momento desenvolvéronse un total de 17 proxectos con este parceiro local, algúns deles grazas a achegas extraordinarias de entidades socias coma o **Concello de Vigo** e mesmo da Consellería de Vivenda.

No entanto, desde 1998 o Fondo Galego ten apoiado unha trintena de actuacións no país centroamericano que suman preto de **un mi-**

**llón de euros de investimento**, moitas delas en colaboración con ONGD galegas. Na actualidade, estase a executar unha intervención con Amigos da Terra para facilitar o acceso á auga a 178 familias empobrecidas e outra con Taller de Solidaridad a prol do turismo rural comunitario.

Estes foron dous dos proxectos visitados por Andrea García Cor-

zo durante a súa estadía, amais doutros levados a cabo con anterioridade, como a autoconstrución de vivendas, o abastecemento de auga ou a formación agropecuaria. Ao tempo, establecéronse **contactos cos gobernos municipais** da zona e coa delegación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (Aecid).

## Participantes nas Vacacións con Traballo reflexionan sobre a cooperación

Máis de vinte participantes no programa de voluntariado en países do Sur reuníronse no Encontro Vacacións con Traballo 2006-2015 celebrado no **Concello de Pontevedra** o pasado 19 de xuño. A concelleira de Benestar Social e representante do Fondo Galego na cidade, Carme Fouces, abriu a xornada destinada a reflexionar sobre a cooperación internacional desde o local dándolles a benvida ás e aos asistentes.

Ao longo do día, e a través de diferentes dinámicas conducidas por Diego Parajó, de Xeneme, as empregadas e empregados municipais, procedentes das catro provincias galegas, achegaron as súas ideas para mellorar Vacacións con Traballo e, en xeral, a implicación das administracións locais e provinciais no Fondo Galego. Tratábase do segundo encontro deste tipo, despois do celebrado en 2012 na Illa de San Simón e do que se extraeron interesantes reflexións que están recollidas en vídeo.



As e os asistentes achegaron ideas para mellorar o programa e a implicación das administracións.

Nicaragua, Cabo Verde, Cuba ou Perú son algúns dos países onde persoal das deputacións e concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desenvolveu o seu mes de voluntariado na última década, en áreas como turismo sostible, igualdade, urbanismo ou xestión ambiental. A través desta iniciativa, **unha trintena de técnicos e técnicos investiron as súas vacacións en**

**colaborar cos parceiros** da entidade e cos proxectos que cofinancia para apoiar as poboacións empobrecidas.

Este ano, no **décimo aniversario** das Vacacións con Traballo, seis empregadas e empregados doutros tantos concellos achegarán os seus coñecementos, ao tempo que se sensibilizan con outras realidades, nos municipios

caboverdianos de Santa Cruz e Ribeira Grande ou na ONGD nicaraguana Instituto de Promoción Humana-Somoto. Trátase de Ana Piñeiro (**Rianxo**), Rubén López (**A Pobra do Caramiñal**), María José Villar (**Redondela**), Ana Ferradáns (**A Estrada**), Serezábel Rodríguez (**Bergondo**) e Belén Gómez (**Monforte**). Tanto a través do blog que actualizan desde terreo como á súa volta, contribuirán a concienciar sobre a importancia da solidariedade e os valores tirados das súas vivencias.



Cinco das e dos participantes seleccionados este ano acudiron ao encontro.



## FONDO DE ARMARIO



### Encontros de cooperativas con ASF

Cinco cooperativas galegas e unha de Guatemala protagonizaron o foro organizado o 27 de xuño na Coruña por Arquitectura sen Fronteiras. Tratábase do colofón aos catro encontros anteriores realizados nos concellos de **Abegondo**, **Bergondo**, **Culleredo** e **San Sadurniño** baixo o título 'Coop é activas, procesos de autodesenvolvemento cooperativo', para **dar a coñecer estas iniciativas de economía social**. A actividade vincúlase ao proxecto a través do cal ASF apoia á cooperativa B'eljuj Q'anil, dedicada aos materiais de construción, co financiamento do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Mulleres Colleiteiras, Hábitat Social, Zocamiñoa, Inda Iniciativas e Aurora de Buxán participaron na cita celebrada na Casa da Fariña canda a cooperativa guatemalteca, que entrou por videoconferencia. Lutega e Tagen Ata son outras das que asistiron ás xornadas anteriores.



### Tecendo polas mulleres peruanas

Unha acción de *yarn bombing* puxo fin aos encontros Entretecendo impulsados pola ONGD InteRed no marco do proxecto apoiado polo Fondo Galego para mellorar o itinerario de atención ás vítimas da violencia de xénero en Perú. **Poñer en contacto a realidade das mulleres quechuas e aimaras coas galegas** era o principal obxectivo das citas para calcetar que desde o mes de abril tiveron lugar en Santiago de Compostela. Unha das xornadas contou ademais coa coa presenza de Ángeles López, destacada defensora dos Dereitos Humanos en México. Ao tempo que reflexionaban sobre os dereitos das mulleres, as participantes **elaboraron unha obra colectiva coa que logo cubriron a escultura da leiteira**, situada na Alameda, en homenaxe as mulleres rurais. Esta técnica de arte urbana aposta pola apropiación do espazo público, por facer do persoal político, relacionando o individual co colectivo.





photo Brais Palmás

## Curso de biofiltros para depurar a auga

Amigos da Terra impartiu un curso para dar a coñecer o tratamento biolóxico das augas residuais, co fin de que as e os participantes puideran **construír o seu propio sistema de depuración doméstica**. A formación tivo lugar no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas e estaba relacionada co proxecto de cooperación financiado en Nicaragua polo Fondo Galego para facilitarlle o acceso á auga potable a máis dun milleiro de persoas empobrecidas, en colaboración coa ONGD local Instituto de Promoción Humana-Somoto. Durante o curso analizáronse os procesos de contaminación das augas domésticas, presentando alternativas naturais que as e os asistentes poidan deseñar, crear e manter. A través dunha metodoloxía teórico-práctica, achegáronse ás bases da fitodepuración e construíron un sistema de infiltración a terreo e mais un filtro verde de macrófitas flotantes.



## Regresan os ciberencontros #Alén2015

Os ciberencontros #Alén2015 continuarán nos próximos meses no Facebook e o Twitter do Fondo Galego para reflexionar sobre os **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio** (ODM) e a nova axenda post 2015. Farmamundi, EAPN Galicia, o propio Fondo, e territorios coma África e Palestina ou temas coma a coherencia de políticas centraron as conversas online na primeira metade do ano. O vindeiro encontro dixital será o 30 de setembro con Chema Caballero, coordinador da ONG DYES e coautor do blog 'África no es un país'. Para finais de ano ficarán convidadas coma a consultora Iolanda Fresnillo, da fundación Tot Raval, ou a Campaña do Milenio. Entre aquelas persoas que deixen as súas preguntas nas redes sociais, no enderezo [fondogalego@gmail.com](mailto:fondogalego@gmail.com) ou a través do formulario creado para a ocasión, sortearase un exemplar da revista *Tempo Exterior* e a finais de ano un lote de libros.

## \* OS PROXECTOS EN TERREO: Cooperación directa en Cabo Verde

Mentres as seis intervencións apoiadas polo Fondo Galego a ONGD continúan avanzando na India e Latinoamérica, en Cabo Verde xa están en marcha os dous proxectos de cooperación directa con senllas cámaras municipais. En Santa Cruz para apoiar ao campesiñado promovendo o rego 'gota a gota' e en Ribeira Grande para consolidar a cooperativa de mulleres Sulada, grazas a achegas extraordinarias do **Concello de Vigo**.

### 'Gota a gota' en Santa Cruz

No primeiro caso, formárase a 25 agricultoras e agricultores no rego por goteo e noutras prácticas agrícolas que permitan reducir os gastos e a auga empregada. Estímase que os 150 habitantes da localidade de Librão **mellorarán a súa dieta alimenticia e os seus ingresos** grazas aos produtos da horta. Coa instalación deste sistema de irrigación, non só se favorece a seguridade alimentaria e a mellora socioeconómica nunha das vilas máis pobres do país, senón que tamén **se preservan as cuncas hidrográficas**.

Á escaseza de auga na zona, acentuada polo



Un agricultor recolle a colleita tras a primeira fase do proxecto en Santa Cruz.

cambio climático, únese a crecente salinidade dos solos, derivada do avance do mar pola **extracción de area e pedras** para a construción. A esta actividade ilegal e cun forte impacto no medio dedicábanse algunhas das persoas beneficiadas polo proxecto, entre as que se lles deu **prioridade ás xefas de familia** con máis fillas e fillos. Tamén boa parte das mulleres que hoxe integran a cooperativa Sulada extraían inertes das praias, unha tarefa que apenas xera rendementos. A actuación en Ribeira Grande ofrécelles unha alternativa ás 30 artesás, na procura do seu **empoderamento económico e social**.

### Cooperativismo en Ribeira Grande

Para acadalo, lévanse a cabo **accións formativas para mellorar a produción** de xabóns, óleos, bixuterías, peiteados, licores ou conservas. Ao tempo, impártense capacitacións en contabilidade, xestión, informática, internet e redes sociais, así como **alfabetización** para aquelas participantes que o precisen, pois o municipio rexistra o nivel de analfabetismo máis alto do arquipélago. Adquiríranse asemade **equipamentos**, uniformes e materias primas, aínda que a intención é que acaben cultivando as plantas que precisan. Tamén se identificarán as necesidades prioritarias da cooperativa, así como as ideas de futuro, e **se intensificará a promoción** con materiais publicitarios, visitas a clientes potenciais e impulso da venda online.



As artesás de Sulada seguirán contando con apoios para a cooperativa.

Con estas accións preténdese que os **ingresos das mulleres aumenten un 50%** nun ano e, con eles, tamén a súa independencia e autoestima. De xeito paralelo, realizaranse actividades de **sensibilización sobre cooperativismo e sobre violencia de xénero** e dereitos das mulleres nas localidades de Salineiro, Porto Mosquito, Gouveia e Cidade Vella. Cómpre ter en conta que a taxa de **monoparentalidade feminina no concello ascende ao 66%** e que cada unha das 30 produtoras da Sulada sustenta unhas dez persoas. No entanto, coa declaración do núcleo de Cidade Vella como Patrimonio da Humanidade ábrense novas oportunidades para a poboación local.

Os dous proxectos de cooperación internacional que se están a desenvolver no país lu-

sófono danlle continuidade a intervencións anteriores apoiadas polo **Concello de Vigo** e o Fondo Galego, coas respectivas cámaras municipais como socias en terreo e, no caso de Ribeira Grande, tamén coa Asociación para a Cooperación con Cabo Verde como parceira. O Concello de **Vigo achega 26.000 euros** a cada unha das intervencións, aos que se suman outros 4.000 euros do fondo común da entidade integrada por concellos e deputacións.

#### Con ONGD na India e Latinoamérica

Doutra banda, en **Honduras** continúa o proxecto con Enxeñería sen Fronteiras para mellorar o acceso á auga e ao saneamento na Mancomunidade Nasmar. Ata o momento déuselle prioridade ás actividades formativas, mentres que agora se está a impulsar o

levantamento da información necesaria para elaborar os plans comunitarios de xestión integrada do recurso hídrico. Ao mesmo tempo, xa se iniciou a gravación dun vídeo divulgativo e desenvolvéronse varias charlas de sensibilización na Universidade da Coruña.



En Nicaragua rehabilitáronse varios pozos comunitarios.

Tamén Amigos da Terra promoveu obradoiros sobre o manexo da auga e o saneamento a través do proxecto cofinanciado en **Nicaragua**, onde se rehabilitaron varios pozos comunitarios. Ademais, progresouse na reforestación das fontes e, co obxecto de mellorar a xestión da auga na agricultura, preparouse unha parcela de cultivos biointensivos, que acollerá visitas didácticas e producirá abono orgánico. Quedan por instalar as bioxardineiras que depurarán as augas grises domésticas.



En Honduras desenvolvéronse diversas capacitacións.



No mesmo país centroamericano, Taller de Solidaridad está a traballar co Inprhu-Somoto para prestar servizos turísticos que contribúan a soste o Centro de Educación Alternativa Rural Telpolchalli. Houbo avances no acondicionamento das habitacións e levouse a diversas feiras a artesanía local, que tamén se difundiu a través de touroperadoras e canles de televisión. Mercáronse asemade materiais para a unidade de agrotransformación, co fin de comercializar café, marmeladas, iogur, etc. Continúan ademais as actividades hortícolas e gandeiras.

En canto ao proxecto con InteRed en **Perú** para mellorar a efectividade do itinerario de atención ás vítimas de violencia familiar e sexual, seguiu dándose soporte aos comités de vixilancia cidadá que supervisan diferentes servizos da ruta. Celebráronse asemade diferentes actividades polo Día das Mulleres, entre elas unha feira informativa na que se



O Inprhu-Somoto levou a artesanía indíxena ás feiras.



Mural de compromisos polo Día das Mulleres en Perú.

deu orientación a 78 donas. Tamén se recolleron nun mural compromisos das institucións e o Movemento Manuela Ramos, socio local, participou nunha marcha reivindicativa.

En **Guatemala** segue en marcha o proxecto con Arquitecturas sen Fronteiras para fortalecer unha cooperativa de materiais de construción. Xa se executaron as obras de mellora da planta e mais os obradoiros sobre



En Guatemala melloráronse as instalacións da cooperativa.

xestión da pequena empresa. Agora o monitor ocuparase do seguimento da fabricación e da planificación comercial. Tamén está rematando o curso para o empoderamento das produtoras e a formación sobre a web da cooperativa. Quedan por diante novas visitas de intercambio e xuntanzas con clientes potenciais.

Por último, Implicadas no Desenvolvemento segue a traballar na **India**. Un milleiro de persoas asistiron ao teatro de rúa co que se sensibilizou fronte as desigualdades de xénero. Ao tempo, creáronse clubs de xénero nas aldeas para implicar a mocidade na promoción da igualdade e concienciala sobre o papel das mulleres no espazo público. En canto á capacitación laboral, impartíronse cursos de corte e confección, deseño de saris e fabricación de compresas hixiénicas. Quedan agora por realizar novas formacións para favorecer a participación política das mulleres.



Obradoiro sobre a participación política das mulleres na India.



## A OLLADA EXTERNA

**Najla Shami:**  
“O consumo  
responsable é  
a arma máis  
potente que  
temos fronte a  
Israel” @najlashami

A “muller dos ollos bonitos” fai xustiza ao significado do seu nome. Os ollos de Najla Shami son grandes e sinceros, coma as verbas desta cantora e compositora que leva case dúas décadas traballando no mundo da música. Múltiplas colaboracións, un disco en solitario e ata a súa participación como xurado nun *talent show* da Televisión de Galicia cóntanse na traxectoria desta artista que nunca deixou de formarse, ora facendo parte de corais polifónicas e grupos

tradicionais, ora estudando en países coma Noruega, Xordania ou India. De pai palestino e nai galego-arxentina, de cotío achega o seu gran de area ás causas solidarias. Agora anda á procura dun móbil de comercio xusto...

**Cantas en galego e tes apoiado campañas na súa defensa, cal é a túa relación coa lingua?**

Emprego o galego porque vivo aquí e polo respecto que teño pola lingua e pola contorna na que habito. Un dos principais xeitos de conectarme coas raíces do lugar onde vivo é a través do idioma. Logo, sendo palestina e vendo como a cultura do meu pobo vai morrendo día a día por causa de axentes externos -a pesar de que hai xente que está a loitar pola súa persistencia-, nun lugar como Galicia que ten posibilidades de desenvolver a

“Emprego o galego porque vivo aquí e polo respecto que teño pola lingua e pola contorna na que habito”



A cantora e música Najla Shami. FOTO: Ainoa Calvo©.

súa lingua con liberdade estráñame moito que haxa persoas que tomen outro camiño. Sigo sen entender esa teima que ten a xente de ser como ovellas que se semellan unhas ás outras e non buscar o propio, o que nos diferencia.

“Non entendo a teima que ten a xente de ser como ovellas que se semellan, no canto de buscar o propio”

**‘Na lingua que eu falo’ é o teu primeiro traballo en solitario. Buscabas transmitir algunha vertente específica de Rosalía neste libro-disco?**

Cando collín a Rosalía estaba nun momento especial da miña vida, un momento de cambio. Como case sempre nos procesos creativos, hai unha parte de

“No libro-disco ‘Na lingua que eu falo’ tentei conectar coa Rosalía muller, non coa poeta”



catarse interior. Eu guíome moito polo instinto, así que collín os poemas que me removeron por dentro, nada máis. O que si tentei foi conectar coa muller e non coa poeta, que se me faría bastante grande.

**En canto aos directos, como vives a relación co público e coa diversidade de artistas cos que a miúdo compartes escenario?**

Encántame, é o que máis me engancha. Son unha persoa moi empática e gústame ese trasego que hai coa xente. Sempre penso en algo circular, enerxético, que vai cara o público e volve para min e se converte nunha cooperación. E cos artistas que teño no escenario pasa exactamente igual, penso que eles tamén o senten porque é o que me transmiten, un vínculo forte. Eu intento conectar co fondo, entón tocar en directo é algo que me fascina, e que require tamén un grande aporte enerxético.

**Tes amosado o teu compromiso co pobo palestino actuando en diferentes festivais. Como inflúe o conflito na túa terra paterna sobre a túa obra, sobre o teu día a día?**

No meu día a día inflúe dun xeito brutal porque son unha persoa que non me conformo co que me dan servido, entón estou sempre cuestionándome o meu xeito de vida, intentando

facer pequenos xestos, tendo en conta que non podo escapar de todo pero procurando vivir un pouquiño máis en coherencia cos meus principios, porque estou moi sensibilizada co que é a carencia, a desigualdade. Iso trasládase a calquera eido da miña vida e na música é igual, a miña influencia árabe vai chegando cada vez máis, era algo que me faltaba por descubrir... Márcame tamén no sentido de que me gusta a mestizaxe, os pobos do mundo, as cousas que saben a terra... Tanto na música como na personalidade, a verdade das persoas. Véxoo como algo moi positivo.

“Non me conformo co que me dan servido, estou sempre cuestionándome o meu xeito de vida”

**Es unha das e dos 400 artistas galegos que se sumaron ata o momento ao boicot cultural a Israel. Que impacto poden ter este tipo de medidas?**

A xente non se dá conta, pero o consumo é o terrorismo actual, o que podes facer, tanto cara Israel como cara a sociedade na que vivimos, na que estamos encarcerados. Eu véxoo como unha cárcere, hai un lavado cerebral para asumir que este estilo de vida é o bo pero non o é, entón para min o consumo responsable é a arma máis potente que temos tanto cara Israel como cara outros obxectivos, que hai moitos.

**Daquela non comprendes ás e aos músicos que seguen indo a tocar alí?**

Eu non o entendo. Comprendo a postura que tivo por exemplo Lauryn Hill, que quería tocar en Israel e mais nos Territorios Ocupados e non podía, entón non fixo ningún dos dous concertos, porque quería un equilibrio e non se lle deu esa opción. Foi moi criticada, pero eu iso si que o entendo. É certo que hai unha *left wing*, unha ala de esquerdas, e teño amigos xudeus que están en contra da ocupación. Eu

non podo pechar os ollos a ese tipo de xente, non me vou abrazar ao odio gratuitamente, pero entendo que se un artista toma esa decisión, comprenderana.

“O importante é ir sacudindo as consciencias para que o mundo vaia cambiando pouco a pouco”

**Este verán chegaba a Gaza a ‘Flotilla da Liberdade’, a prol da que tamén actuaches. Cal é a túa visión do movemento Boicote+Desinvestimentos+Sancións.**

O BDS é coma o David que loita contra Goliat, pero sempre hai unha esperanza de que pode gañar. Eu mesma son unha corredora de fondo, levo 18 anos facéndome un oco no meu traballo sen pausa, porque valoro moito as pequenas cousas, é o que máis me fai brillar a vida. E

“As músicas de Palestina e Galicia teñen moitísimo parecido, hai unha chea de sonoridades similares”



A artista establece un forte vínculo co público e cos músicos durante os directos.  
FOTO: Carlos P. Soliño©.

penso que co bloqueo e con ese tipo de labor a actitude ten que ser a mesma, o máis importante de todos os procesos é ir sacudindo as consciencias para que o mundo vaia cambiando pouco a pouco.

**Aínda que sexa con xestos case simbólicos...**

Si, pero a alguén lle fará pensar, informarse... Así foi como cheguei eu tamén a iso. A miña familia, evidentemente, foi un exemplo, pero despois foi todo descubrimento propio. Ter curiosidade, ser sensible, buscar e descubrir que é o que pasa e que outras respostas hai para o meu xeito de pensar e de vivir.

Por máis que fagamos nos países empobrecidos, non servirá de moito se a xente non cambia o seu estilo de vida, empezando polo consumo.

**Que opinión che merecen as iniciativas para achegar Palestina e Israel a través da música?**

(Suspira) Todos os xestos véxoos ben, pero é complicado porque o cambio maior debería ser educativo. Date conta de que a historia que estudan en Israel está cambiada a propósito nos libros, fomentan o racismo dende o berce, entón as mudanzas teñen que ser moi profundas. Pero tamén hai xente que se

educou nese medio e que non é así, entón todo é posible. Este tipo de iniciativas sempre están ben porque son paradigma de como pode ser a vida, e como son máis visibles tamén poden axitar as consciencias dos ‘mandatarios’. Pero fai falta algo máis revulsivo, non tan protocolario.

“As iniciativas para achegar Palestina e Israel a través da música son paradigma de como pode ser a vida”

### Como definirías a relación entre Galicia e Palestina, sobre todo no eido artístico?

Estance facendo un montón de festivais, iniciativas como Pallasos en Rebeldía... A nivel cultural, as dúas músicas teñen moitísimo parecido. Penso que acontece coas músicas de tradición de todas as partes do mundo, desde que nacen simplemente cunhas mulleres e uns adufes; iso haino en Acerbaixán, en Córcega, etc. Logo hai un montón de sonoridades e cantos trinos que

son moi similares. A cooperación existe e é sinxela. Ten que haber máis, o que pasa é que poñen moitos impedimentos: tes unha morea de problemas á hora de pedir permisos, chegas alí e non che deixan entrar...

### Iso para actuar alí, pero tamén dirías que se mira con receo ás e aos artistas que se solidarizan desde aquí?

Penso que en España non. Certo é que hai unha ‘man negra’ e se es alguén que destaca supoño que terás certas restricións ao ir para outro lugar porque o *lobby* xudeu existe; ao mellor por aquí non ten tanto poder, pero noutros países si. No entanto, coído que aquí non chega dun xeito tan bestial como pode ser nos Estados Unidos. Alí xente que xa é moi coñecida pode rexeitar un concerto en Israel e seguir coa súa carreira, pero ao mellor

“O BDS é coma o David que loita contra Goliat, pero sempre hai unha esperanza de que pode gañar”

alguén que empeza teno máis complicado.

### Cres que tamén os concellos deben solidarizarse fronte a estas e outras inxustizas a nivel internacional?

Cada individuo tense que solidarizar coas inxustizas e por suposto que os concellos tamén.

“Os concellos teñen que solidarizarse, as inxustizas son ateas e tampouco entenden de partidos políticos”

As inxustizas son ateas e non entenden tampouco de partidos políticos, entenden de algo que falta moito na sociedade actual: o sentido común. A partir de aí, calquera debería saber que camiño tomar fronte a unha situación deste tipo. Dicir que os concellos non están para iso, cando a solidariedade é algo inherente ao ser humano e os municipios están integrados por seres humanos, paréceme dunha covardía absoluta, que é o que fan moitos agora: mirar para outro lado.



Najla Shami tocando durante un acto en Madrid. FOTO: Noel R. Queipo.

**Hai un par de anos participaches no disco 'Cantigas de mulleres'. Segue a ser necesario reivindicar eses espazos de visibilidade?**

Si, iso é o primeiro. Aquí seguimos tendo problemas, pero é que noutras partes do mundo a cousa está moi *jodida*. O capitalismo é o que fai persistir esa situación de desigualdade para a muller, convelle porque é un dos camiños, bastante sórdidos, para dominar en certos países. En todo o entramado que eu vexo destaca a parte económica e política, e agora hai máis visibilidade para a muller, pero ten que haber unha sensibilización e un paso á acción. E a min todo me pasa polo consumo, porque o poder que teñen determinados países para oprimir tanto ás mulleres como a outras sociedades pasa a través do consumo. Cantas persoas morrerían para

“O capitalismo fai persistir a desigualdade para a muller, agora hai máis visibilidade pero falta pasar á acción”

facer o meu móbil? A cantas nenas violarían? Moita xente non repara niso, pero a min si que me importa.

“Canta xente morrería para facer o meu móbil?  
A cantas nenas violarían?  
A min iso si me importa”

**Cambiando de tercio: formaches parte do xurado do concurso musical 'Oh happy day', que tal se che dá xulgar a outros cantantes?**

Fatal! (Risas) Aínda que son unha persoa crítica, gústame ver as cousas positivas, o esforzo, non me gusta xulgar dun xeito gratuito. Entón lévoos ben, pero cústame porque son empática e cando se van os coros dóeme, porque cada un aporta unha cousa, e ao final non podes obviar que é un show televisivo. Pero a experiencia foi moi boa para min, axudoume a ver canto talento hai en Galicia, completamente mergullado polo goberno e polos medios de comunicación, descoñecido para a xente,



O xurado do concurso Oh Happy Day na derradeira gala.

que mira cara outro lado. Cando iso debería ser fomentado polos propios concellos, porque fai máis feliz ás persoas, une á sociedade, axuda a medrar educativamente e a saber tomar decisións, a non ser tan individualista e a valorar a arte como unha parte importante da vida. Iso é algo que quería promover o programa, e ademais amosar xente que leva na cultura moi

“En Galicia hai moitísimo talento descoñecido, mergullado polo goberno e polos medios de comunicación”

tos anos e non chega porque hai moito paletismo, moita endogamia, todo moi facilón...

**Para rematar, avánzanos algún dos teus próximos proxectos...**

Estou preparando o segundo disco, estou na parte do cocer. Teño xa temas feitos, ando na procura de integrar as miñas diversas raíces, tentando ver cara onde me leva ese camiño, que teño por descubrir. A ver se dou equilibrado esas dúas partes miñas, a ver como sae.



# INFÓRMATE a FONDO

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade  
Redacción e Administración: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40  
36003 Pontevedra  
Tel/Fax: 986 84 34 36 / 698 14 45 36  
Internet: <http://www.fondogalego.org> email: [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org)  
Depósito Legal: VG-473-2007  
Autorízase a reprodución e divulgación desta folla informativa



XUNTA  
DE GALICIA



cooperacióngalega

**SOCIOS DO FONDO GALEGO** Concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambre, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Fene, Ferrol, Fornelos de Montes, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Moraña, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, San Sadurniño, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereia, Verín, Vigo, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove  
Deputacións: A Coruña, Lugo.

